



## PRAZAS PROFESORADO

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 5 DE DECEMBRO DE 2024 POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DE PROFESORADO PERMANENTE LABORAL**

Esta Reitoría, no exercicio das competencias que lle atribúe o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, en diante LOSU, e o artigo 36 dos Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia de 13 de maio de 2004 (DOG de 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro de 2007), de conformidade coa Oferta de Emprego Público (OEP) de 2022, publicada por Resolución do 10 de marzo do 2022 (DOG de 21 de marzo) e OEP de 2024, publicada por Resolución do 26 de xuño do 2024 (DOG de 9 de xullo) e logo dos acordos do Consello de Goberno do 5 de xuño e do 7 de novembro do 2024 , resolve convocar un concurso para a provisión das prazas vacantes de profesorado permanente laboral que se detallan no anexo II da presente convocatoria, dotadas no estado de gastos dos orzamentos da Universidade da Coruña, con suxección ás seguintes bases:

**1.- NORMAS XERAIS**

**1.1** Este concurso rexerase pola normativa seguinte:

- a) Capítulo IV do Título IX da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario (BOE de 23 de marzo) (LOSU).
- b) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP).
- c) Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP).
- d) Lei 14/2011, de 1 de xuño, da ciencia, a tecnoloxía e a innovación.
- e) Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- f) Decreto autonómico 266/2002, de 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002).
- g) Os Estatutos da Universidade da Coruña.
- h) II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, subscrito con data do 26 de xaneiro de 2011 (DOG do 14 de abril), prorrogado con data do 12 de xullo de 2013 (DOG do 29 de xullo) (en diante, Convenio).
- i) Normas provisionais de adaptación dos procedementos de selección de PDI á Lei 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e a súa normativa de desenvolvemento, aprobados nos Consellos de Goberno de 27/04/2023, 24/10/2023 e 20/12/2023 e a Normativa pola que se regula o procedemento para a selección do profesorado contratado doutor (aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014)
- j) Instrucións para a actuación telemática das comisóns de selección das prazas de profesorado axudante doutor/a, permanente laboral, titular de universidade e catedrático/a de universidade

**2.- REQUISITOS DOS CONCURSANTES**

Para concursar ás prazas que se convocan, as persoas aspirantes deberán cumplir os seguintes requisitos na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

**2.1 Requisitos de carácter xeral:**

- a) Posuír a nacionalidade española ou a dalgún Estado membro da Unión Europea ou país estranxeiro que, consonte o disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, permita o acceso ao emprego público.
- b) Ter cumprido os dezaseis anos e non ter cumplido a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión da titulación esixida en cada unha das prazas que figurán no anexo II ou estar en condicións de obtela. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá estar en posesión da credencial que acredeite a súa homologación ou do certificado de declaración de equivalencia a titulación e nivel académico universitario oficial en España, ou do recoñecemento profesional do título para poder exercer como profesor de universidade, conforme ao disposto no Real decreto 889/2022, de 18 de outubro, (BOE do 19 de outubro).

De acordo co establecido no artigo 10 apartado c) da LOSU, os títulos de grao expedidos por universidades nos Estados membros da Unión Europea serán equivalentes, para todos os efectos, a aqueles expedidos polas universidades españolas.

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	1/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- d) Ter recibido a avaliación positiva da súa actividade docente e investigadora por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) ou de calquera outro órgano de avaliação que determinen as leis doutras Comunidades Autónomas, sempre que exista un convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia; ou ben reunir as condicións que determinan a cualificación automática para ser contratado nesta figura.
- e) Ter aboados os taxas por dereitos de exame dentro do prazo de presentación de solicitudes.
- f) Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impida o desempeño das funcións.
- g) Non ter sido despedido ou separado mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder á mesma categoría profesional a que pertencia. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, de 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades.

No caso de nacionais doutros Estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

Os requisitos f) e g) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

**2.1.1** A posesión de todos os requisitos estará referida sempre á data de expiración do prazo de presentación de solicitudes de participación e deberase manter ao longo de todo o proceso selectivo.

## 2.2. Requisito específico para a praza 24/12002

Para concorrer á praza **24/12002** detallada no anexo II resta convocatoria será preciso, ademais de acreditar os requisitos de carácter xeral, deberá ser investigador/a do Programa Ramón y Cajal e ter superado a avaliación do Programa de Incentivación da Incorporación e Intensificación da Actividade Investigadora (I3), ou que tivese obtido o certificado como investigador/a establecido/a (R3).

### 3.- SOLICITUDES dentro do prazo de corrección de solicitudes

**3.1.** As solicitudes para participar no concurso axustaranse ao modelo que figura como anexo III a esta convocatoria e dirixiranse ao reitor da Universidade da Coruña, **no prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia** e presentaranse por un dos seguintes medios:

a) Preferentemente a través da sede electrónica oficial da Universidade (<https://sede.udc.gal/>), na sección de trámites de Xestión Académica. A solicitude (anexo III) deberá converterse en formato PDF e asinarse electronicamente. Presentarase xunto co resto da documentación na forma que se indica no anexo I.

b) En caso de imposibilidade técnica xustificada, poderán realizarse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos Rexistros Auxiliares, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da LPACAP, na forma que se indica no anexo I.

**As persoas concursantes que non presenten as súas solicitudes no Rexistro Xeral da Universidade, sede electrónica oficial da UDC ou nos Rexistros Auxiliares, deberán enviar ao correo electrónico [servizo.pdi@udc.gal](mailto:servizo.pdi@udc.gal) unha copia da instancia antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.**

**3.2.** As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, presentarán a súa solicitude acompañada da seguinte documentación:

- a) Copia do DNI ou documento equivalente.

As/os descendentes e descendentes do cóñuxe non separado de dereito deberán presentar, ademais, os documentos acreditativos do vínculo de parentesco e, de ser o caso, do feito de viviren a expensas ou estaren a cargo dun nacional dun Estado membro da Unión Europea ou doutros Estados, cando así o estableza un tratado internacional subscrito pola Unión Europea e ratificado por España, con quen teñan o dito vínculo. A acreditación realizarase por medio de certificados

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	2/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





expedidos polas autoridades competentes do seu país de orixe, traducidos a algunha das linguas oficiais da UDC.

- b) Copia do título académico esixido. No caso de títulos obtidos no estranxeiro, deberá achegarse credencial que acredite a súa homologación ou certificado de declaración de equivalencia a titulación e nivel académico universitario oficial en España, ou o recoñecemento profesional do título para poder exercer como profesor de universidade, conforme ao disposto no Real decreto 889/2022, de 18 de outubro, (BOE do 19 de outubro).
- c) Xustificante do pagamento na conta corrente IBAN ES76 0049 5030 1525 1601 1262, concursos-oposicións; Banco Santander Sa, da cantidade de 44,17 euros por cada praza a que se concurse, dentro do prazo de presentación de solicitudes **e facendo constar como concepto a referencia do número da praza á que se opta**. En ningún caso o pagamento suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma, dirixida ao órgano expresado na base 3.1.

Estarán exentas do pagamento da taxa por dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, circunstancia que deberá ser acreditada documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia da cualificación do grao de discapacidade.

Así mesmo, estarán exentas do pagamento da taxa por dereitos de exame as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. No caso de membros de familias numerosas de categoría xeral terán unha bonificación do 50%. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia do título de familia numerosa, que deberá estar vixente dentro do prazo de presentación de solicitudes.

Así mesmo, terán unha bonificación do 50% da taxa, as persoas que figurassen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses anteriores á data de publicación da presente convocatoria, e non estean a percibir prestación ou subsidio por desemprego, aspectos que deberán ser certificados pola oficina dos servizos públicos de emprego.

A falta de pagamento dos dereitos de exame no prazo de presentación de solicitudes non é reparable e determinará a exclusión definitiva do concurso de quen sexa aspirante, agás que acredite o pago ou a exención do pagamento da citada taxa.

Unicamente procederá a devolución dos dereitos de exame ás persoas aspirantes que sexan excluídas por causas non imputables a elas. A tal efecto, a persoa interesada deberá presentar a correspondente solicitude

- d) Fotocopia da credencial da avaliación positiva da súa actividade por parte da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG), da Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA) ou de calquera outro órgano de avaliación que determinen as leis doutras Comunidades Autónomas, sempre que exista un convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia; ou acreditación de reunir as condicións que determinan a cualificación automática para ser contratado nesta figura.

#### 4.- PUBLICIDADE DAS RELACIONES DE CONCURSANTES

**4.1.** Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de dez días hábiles publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, no taboleiro electrónico oficial da Universidade [https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board) e na páxina web:

<http://www.udc.gal/pdi/concursos/contratacion/>, con mención expresa do nome e apelidos e, se for o caso, das causas de exclusión.

**4.2.** As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión.

A corrección poderá facerse na sede electrónica oficial <https://sede.udc.gal/>, a través do Rexistrio electrónico ou polos medios establecidos na base 3.1.b.

Transcorrido este prazo, o reitor ditará resolución que declare aprobada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados anteriormente.

**4.3.** De acordo co previsto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, de 1 de outubro, estas publicacións teñen os efectos de notificación.

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	3/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## 5.- COMISIÓN DE SELECCIÓN

**5.1.** De acordo co previsto no art. 13.2. do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, as comisóns de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada.

**5.2.** Segundo o punto 5 das Normas provisionais de adaptación dos procedementos de selección de PDI á Lei 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e a súa normativa de desenvolvemento, aprobados nos Consellos de Goberno de 27/04/2023, 24/10/2023, 20/12/2023 e 05/06/2024:

*"1. Xunto coa solicitude da praza o departamento proporá a presidencia e a secretaría da Comisión de selección, tanto titulares como suplentes, con profesorado da/s área/s de coñecemento á/s que se adscribe a praza, de igual ou superior categoría, ben da UDC ou externos á UDC. Proporá ademais unha listaxe igualmente cualificada de 16 persoas, externas á UDC, para proceder ao sorteo de 3 vogais titulares e os seus suplentes. Nas prazas de ámbito laboral, a Comisión completarase cun representante dos traballadores, con voz pero sen voto.*

*2. A listaxe de 16 persoas será paritaria, con 8 persoas de cada xénero, e estará constituída por profesorado da/s área/s de coñecemento á/s que se adscribe a praza. Poderá incorporar profesorado da UE ou investigadores das OPIs con capacidade para actuar nas comisóns. De existir causa obxectiva xustificada, estas condicións poderán ser excepcionadas; en particular, poderá incorporar membros de áreas afíns de forma minoritaria.*

*3. Antes de someter a aprobación da praza por parte do Consello de Goberno, o Servizo do PDI realizará un sorteo público, único para todas as prazas da mesma convocatoria, que ordene de 1 a 16 as persoas propostas, para establecer a Comisión titular, a suplente e a cobertura de posibles renuncias, garantindo sempre a composición de comisóns paritarias. O resultado do sorteo publicarase na Sede electrónica oficial da UDC.*

*4. Durante o prazo de reclamacións da relación provisional de candidaturas, os membros da Comisión, tanto titulares como suplentes, serán requeridos para declarar formalmente que non incorren nos supostos de conflito de interese do Art. 32.4 do RD 678/2023, de 18 de xullo.*

*5. As renuncias cubriranse seguindo a orde establecida polo sorteo e mantendo o criterio de paridade. Caso de esgotar a listaxe, solicitarase do departamento unha nova proposta para realizar un novo sorteo.*

*6. O tribunal definitivo publicarase xunto coa relación definitiva de candidaturas admitidas e excluídas."*

**5.3.** Ademais, formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de dez días hábiles desde a notificación por parte do Servizo de Persoal Docente e Investigador, rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este membro actuará con voz e sen voto.

**5.4.** O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra causa xustificada que impedir a súa actuación como membro dela. Neste caso, a apreciación da causa alegada corresponde ao reitor, que deberá resolver, nun prazo de tres días hábiles, que conta desde a recepción da renuncia e procederse á substitución pola persoa suplente.

De calquera xeito, os membros das comisóns en que se dea algúna das causas sinaladas no artigo 23 da Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público (BOE de 2 de outubro), deberán absterse de intervir e comunicaranlo ao reitor para a designación do/a suplente no prazo de tres días hábiles sinalado no parágrafo anterior.

De acordo co previsto no artigo 32.4 do RD 678/2023, de 18 de xullo, polo que se regula a acreditación estatal para o acceso aos corpos docentes universitarios e o réxime dos concursos de acceso a prazas dos devanditos corpos, os membros dunha Comisión de selección "deberán declarar os seus posibles conflitos de interese e renunciar a formar parte da Comisión. O conflito de interese motivará a renuncia cando concorra algúna das seguintes circunstancias ao respecto dalgúnha das persoas candidatas:

- a) Ter sido coautor ou coautora de publicacións ou patentes nos últimos seis anos.
- b) Ter mantido relación contractual ou ser membro dos equipos de investigación que participan en proxectos ou contratos de investigación xunto coa persoa candidata.
- c) Ser director/a ou ter dirixido a tese doutoral, defendida nos últimos seis anos."

**5.5.** Os membros das comisóns de selección percibirán as indemnizacións establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, correspondentes á categoría 1<sup>a</sup>, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia.

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	4/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





**5.6.** Nas comisións de selección procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

**5.7.** A comisión realizará a selección das persoas candidatas con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente, segundo o disposto no art. 48 da Lei orgánica 4/2007, estar acreditado/a para participar nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios segundo o disposto na presente norma.

## 6.- ACTUACIÓN DA COMISIÓN

**6.1.** Unha vez publicada a relación definitiva de persoas aspirantes e a composición da comisión, o/a presidente/a desta procederá, no prazo de dez días hábiles, a convocala e constituíla.

Para os efectos das actuacións da comisión, considérase inhábil o mes de agosto.

Se por causa xustificada a comisión non se puidese reunir no referido prazo de dez días hábiles, que conta desde a publicación da relación definitiva, o/a presidente/a deberá sinalar a data concreta da reunión dentro dos sete días hábiles seguintes, que publicará no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días hábiles.

**6.2.** Transcorridos os prazos antes indicados sen que se constitúa a comisión, o reitor procederá a nomear un/unha novo/a presidente/a.

**6.3.** A actuación dos membros alleos á UDC será por defecto a través de medios telemáticos institucionais, preferentemente a través da aplicación Teams de Microsoft 365. En calquera caso, a participación nas comisións de selección non conllevará a percepción de indemnizacións por aloxamento, desprazamento ou manutención.

A secretaría/presidencia/secretaría do departamento ao que estea adscrita a praza obxecto de concurso, segundo corresponda, será a encargada de recibir a documentación e trasladala aos restantes membros da comisión e programar as reunións dos membros da comisión segundo as instrucións da presidencia, segundo o establecido nas Instruccións para a actuación telemática das comisións de selección de prazas de profesorado axudante doutor/a, permanente laboral, titular de universidade e catedrático/a de universidade (Publicadas con data do 8/10/2024, modificadas con data 31/10/2024).

As probas realizaranse nas instalacións da UDC definidas polo departamento ao que estea adscrita a praza, coa asistencia presencial da/s persoa/s candidata/s e da persoa que ocupe a secretaría e/o presidencia da comisión (no caso de ser persoal da UDC) e en caso contrario, da persoa que ocupa a secretaría do departamento ao que estea adscrita a praza obxecto do concurso, que actuará como fedataria dos actos e será a encargada de realizar a gravación do desenvolvemento das probas.

**6.4.** A comisión quedará validamente constituída coa presenza de cando menos catro dos seus membros con dereito a voto, entre os que debe estar o/a presidente/a e o/a secretario/a.

**6.5.** Os acordos da comisión, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioria. No caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

**6.6.** No mesmo acto de constitución, a comisión establecerá os criterios de avaliación que, en calquera caso, terán en conta os principios de mérito e capacidade das persoas aspirantes.

Na publicación dos criterios de valoración dos méritos nas prazas de Profesor/a Permanente Laboral deberá reflexarse que a experiencia docente e a experiencia investigadora terán unha consideración análoga.

A comisión publicará os criterios no taboleiro do centro. Así mesmo remitiraos ao Servizo de PDI para a súa publicación na web da universidade: [http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos\\_contratacion/](http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/)

Unha vez publicados, os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada.

## 7.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

**7.1.** O/A presidente/a da comisión convocará aos/as concursantes ao acto de presentación nun prazo mínimo de 15 días e máximo de dous meses, que computa desde a publicación da resolución reitoral pola que se aproba a lista definitiva de admitidos e excluídos e a composición do tribunal.

**7.2.** No acto de presentación, que será público, coa presenza da presidencia e/ou secretaría ou secretaría do departamento, no seu caso, os/as concursantes entregarán á comisión unha copia en formato dixital da seguinte documentación:

- Historial académico, docente e investigador e, de ser o caso, asistencial-sanitario, así como as publicacións e documentos acreditativos do consignado nel.

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	5/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





- b. Proxecto docente e investigador, que o/a candidato/a se propón desenvolver de serlle adjudicada a praza a que concursa. O proxecto será o dunha materia de formación básica ou obligatoria das adscritas á/s área/s de coñecemento pola/s que se convoque a praza.

**7.3.** No acto de presentación, os/as concursantes recibirán cantas instrucións sobre a realización das probas deban comunicárselles; así mesmo, determinarase, mediante sorteio, a orde de actuación dos/das concursantes e fixarase o lugar, a data e a hora do comezo das probas.

**7.4.** As probas serán públicas e cada unha delas será eliminatoria.

**7.5.** A primeira proba consistirá na exposición oral dos méritos e do historial académico, docente e investigador e, de ser o caso, asistencial-sanitario, alegados polo concursante. Así mesmo, o concursante deberá presentar e defender o proxecto docente e investigador que desenvolverá no caso de lle ser outorgada a praza.

**7.6.** A exposición de cada candidato/a non poderá superar os 90 minutos.

**7.7.** Seguidamente, a comisión debaterá co/coa candidato/a sobre os seus méritos, historial académico e investigador e sobre o proxecto docente e investigador presentado, durante un tempo máximo de dúas horas.

**7.8.** Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao/á presidente/a un informe razoado de valoración dos méritos e do historial académico, docente e investigador e de, ser o caso asistencial-sanitario, así como o proxecto docente e investigador alegado e defendido por cada candidato/a.

**7.9.** Á vista dos informes, a comisión procederá a unha votación, non sendo posible a abstención, para determinar o paso dos/das candidatos/as ás probas sucesivas. Non pasarán á seguinte proba os/as candidatos/as que non obtivesen, polo menos, tres votos favorables.

**7.10.** A segunda proba consistirá na exposición oral dun tema do programa do proxecto docente presentado pola persoa candidata e elixido por esta de entre tres sacados a sorteo, durante un tempo máximo dunha hora. Seguidamente, a comisión debaterá co/a candidato/a sobre os contidos expostos, a metodoloxía que utilizará e todos aqueles aspectos que estime relevantes en relación co tema, durante un tempo máximo de dúas horas.

**7.11.** Os/As candidatos/as disporán dun tempo máximo dunha hora para preparar a exposición do tema.

**7.12.** Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao/á presidente un informe razoado valorando os contidos e a metodoloxía expostas por cada un dos/das candidatos/as.

**7.13.** Á vista dos informes, a comisión procederá a unha votación, sen que sexa posible a abstención, para determinar o paso á terceira proba. Non pasarán á seguinte proba os/as candidatos que non obtivesen, polo menos, tres votos favorables.

**7.14.** A terceira proba consistirá na exposición oral polo/a candidato/a, durante un tempo máximo de noventa minutos, dun traballo orixinal de investigación realizado polo/a candidato/a. Seguidamente, a comisión debaterá co/ca candidato/a todos aqueles aspectos que estimase relevantes en relación co traballo orixinal de investigación, durante un tempo máximo de dúas horas.

**7.15.** O/A candidato/a entregará ao/á presidente/a da comisión un resumo ou guión escrito, por quintuplicado, do traballo de investigación, ao facerse público o resultado favorable da segunda proba.

**7.16.** Finalizada a proba, cada membro da comisión entregará ao/á presidente/a un informe razoado valorando os contidos e a metodoloxía expostos por cada unha das persoas candidatas.

**7.17.** Á vista dos informes, a comisión procederá á votación, sen que sexa posible a abstención.

## 8.- PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

**8.1.** Finalizadas as probas a comisión elaborará unha proposta de provisión que deberá ser aprobada por, cando menos, tres votos a favor. Os membros da comisión que voten en contra da proposta maioritaria terán que facer constar a motivación do seu voto.

**8.2.** A proposta incluirá unha relación de todos/as os/as candidatos/as que sexan considerados/as aptos/as para ocupar a praza por orde de preferencia para o nomeamento polo reitor.

**8.3.** Se a comisión considerar que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá propoñer a non provisión da praza, xustificando detalladamente, á vista do baremo establecido, as causas que motivan tal proposta.

**8.4.** A comisión publicará a proposta de resolución no taboleiro de anuncios do centro. Así mesmo remitirá esta ao Servizo de PDI para a súa publicación publicación na web da universidade:

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	6/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





[http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos\\_contratacion/](http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/) e concederáselles a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días hábiles, que conta a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico oficial, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

**8.5.** As reclamacións presentaranse a través do Rexistro Electrónico da UDC ([https://sede.udc.gal/services/telematic\\_register](https://sede.udc.gal/services/telematic_register)), seleccionando en "Destinado a" Servizos / Servizo de PDI ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015. No caso de presentarse a reclamación nun rexistro público alíeo a esta universidade, o/a interesado/a deberá comunicalo á UDC a través do correo electrónico [servizo.pdi@udc.gal](mailto:servizo.pdi@udc.gal).

**8.6.** Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, o/a presidente/a da comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, para os efectos da resolución definitiva do concurso e formalización do correspondente contrato.

**8.7.** No suposto de que se presentase reclamación, ou se propoña a non provisión da praza, a comisión encargada de xulgar a praza trasladará o expediente administrativo do concurso á Comisión de Reclamacións, xunto co informe razoado da comisión de selección sobre as reclamacións presentadas e suspenderase a contratación até que recaia resolución reitoral.

A Comisión de Reclamacións deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción das actuacións ou expediente administrativo do concurso, e remitirá seguidamente o expediente ao reitor.

## 9.- RESOLUCIÓN DO CONCURSO

**9.1.** Recibido o expediente administrativo do concurso, o reitor ditará resolución e atribuiralle a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de xulgala, nos termos previstos no artigo 35 da Lei 39/2015.

**9.2.** A resolución publicarase no taboleiro electrónico oficial da Universidade: [https://sede.udc.gal/services/electronic\\_board](https://sede.udc.gal/services/electronic_board) e na páxina web: [http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos\\_contratacion/](http://www.udc.es/pdi/concursos/concursos_contratacion/)

Esta publicación terá os mesmos efectos da notificación persoal aos/as interesados/as, segundo o previsto no artigo 45.1.b da Lei 39/2015.

**9.3.** Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

## 10.- CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN

**10.1.** A persoa candidata á que se lle adxudicou a praza deberá formalizar o correspondente contrato nun prazo de dez días hábiles desde o seguinte á publicación da resolución do concurso no taboleiro electrónico oficial da Universidade. O contrato asinarase dixitalmente.

**10.2.** A persoa candidata incorporarase ao seu posto de traballo na data de inicio que indique o seu contrato.

**10.3.** No suposto de que o/a adxudicatario/a renunciase á praza ou non chegase a formalizar o contrato, o reitor procederá a asignar a praza ao/a seguinte concursante, segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando, de ser o caso, a apertura de novo concurso.

**10.4** O contrato estará suxeito á Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas. O seu incumprimento será causa de extinción do contrato.

## 11.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

De conformidade coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos recollidos neste procedemento serán tratados pola UDC para a xestión de todos os trámites relacionados co procedemento de selección de persoal.

O órgano responsable do devandito tratamento é a Secretaría Xeral ante a que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación de tratamiento oposición e portabilidade, na Reitoría da UDC; rúa Maestranza, 9, 15001 A Coruña , mail: [rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal), teléfono 881011161; ou tamén a través

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	7/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



da Sede electrónica oficial da UDC. A delegada de Protección de Datos é dona Luz M<sup>a</sup> Puente Aba: dpd@udc.gal. Tamén poden dirixirse á Axencia Española de Protección de Datos para realizar a reclamación que consideren oportuna.

A base de xustificación deste tratamento é o exercicio de poderes públicos e a realización de funcións administrativas como consecuencia da prestación do servizo de educación superior (art. 6.1.e) Regulamento europeo de protección de datos; Lei Orgánica de Universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia).

Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigacións legais.

## 12.- OUTROS

A normativa pola que se rexe este concurso está a disposición dos/as interesados/as na páxina web da Universidade:

[http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/\\_galeria\\_down/profesorado/seleccioncontrdoutor.pdf](http://www.udc.es/export/sites/udc/normativa/_galeria_down/profesorado/seleccioncontrdoutor.pdf)

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer demanda ante o Xulgado do Social que resulte competente conforme ao establecido nos artigos 6, 10 e 69 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, na data da sinatura electrónica

P.D. do reitor (R.R do 10.07.2024)

A vicerreitora de Profesorado

María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	8/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



**ANEXO I****GUIA PARA A PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN****1.- SOLICITUDES PRESENTADAS A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA OFICIAL**

Os ficheiros que conteñan a documentación indicada na base 2 da convocatoria deberán achegarse á solicitude en formato pdf non debendo exceder a capacidade de 5 Mb por arquivo e nomearase respectivamente:

NIF.pdf (permítense tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Solicitud.pdf

Taxa.pdf (permítense tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Titulacion.pdf (permítense tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Acreditacion\_evaliacion.pdf

Acreditacion\_I3\_R3.pdf

A solicitude deberá asinarse electronicamente.

**2.- PRESENTACIÓN POR OUTROS MEDIOS INDICADOS NA BASE 3.1.b**

A solicitude deberá asinarse e presentarase en soporte papel.

O resto da documentación deberá achegarse en soporte electrónico (preferentemente pendrive ou CD/DVD), que deberá ser compatible con calquera tipo de computador, e a documentación que conteña estará organizada na forma que se indica a continuación. Acompañarase á solicitude en sobre pechado debidamente identificado co DNI, Apelidos e Nome do candidato e o número da praza á que se aspira.

A documentación administrativa a que se refire a base 2 da convocatoria deberá achegarse á solicitude en formato pdf e nomearase respectivamente:

NIF.pdf (permítense tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Taxa.pdf (permítense tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Titulacion.pdf (permítense tamén unha imaxe JPEG PNG BMP GIF)

Acreditacion\_evaliacion.pdf

Acreditacion\_I3\_R3.pdf

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	9/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		



## ANEXO II

REF. NUM. PRAZA	NÚMERO DE PRAZAS	CATEGORÍA	DEDICACIÓN	ÁREA DE COÑECEMENTO	DEPARTAMENTO	CENTRO	TITULACIÓN	OBSERVACIONES
24/12001	1	Profesor/a Permanente Laboral	Tempo completo	Ciencias e Técnicas da Navegación	Ciencias da Navegación e Enxeñaría Mariña	Escola Técnica Superior de Náutica e Máquinas	Doutor/a	OEP 2024
24/12002	1	Profesor/a Permanente Laboral	Tempo completo	Bioloxía Celular	Bioloxía	Facultade de Ciencias	Doutor/a	OEP 2022  Reserva Ramón y Cajal - I3/R3

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWh3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	10/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWh3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWh3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		





## PRAZA DE PROFESOR/A PERMANENTE LABORAL

Sr. Reitor:

Unha vez que se convocou a concurso público a praza de profesor/a permanente laboral desa universidade que a continuación se indica, solicito ser admitido como aspirante para a súa provisión.

## I. DATOS DA PRAZA OBXECTO DO CONCURSO.

Núm. de praza:	Categoría: Profesor/a Permanente Laboral	Data da convocatoria:
Departamento:		
Área de coñecemento:		
Actividades asignadas á praza:		
Centro:	Cidade:	

## II. DATOS PERSOAIS.

Primeiro apellido:	Segundo apellido:	Nome:	
Data de nacemento:	Lugar de nacemento:	Provincia de nacemento:	DNI nº:
Enderezo:		Teléfono:	Correo electrónico
Municipio:	Código postal:	Provincia:	

## III. DATOS ACADÉMICOS.

Titulo	Centro de expedición	Data de expedición

## Documentación que se achega

<input type="checkbox"/> Copia do DNI	<input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento	<input type="checkbox"/> Copia do título de doutor/a
<input type="checkbox"/> Credencial da avaliación positiva do órgano externo		<input type="checkbox"/> Outros: _____

D/D<sup>a</sup> \_\_\_\_\_ solicita ser admitido/a ao concurso público para cubrir a praza de profesor/a permanente laboral que se indica e declara que son certos todos os datos que figuran nesta solicitude e, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria para a provisión da praza.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20 \_\_\_\_  
(assinatura)

SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Código Seguro De Verificación	0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	05/12/2024 13:33:47
Observacións		Páxina	11/11
Url De Verificación	<a href="https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==">https://sede.udc.gal/services/validation/0yIjnypf1BmLYVpWn3vxqQ==</a>		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

